--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas de cálculo de volúmenes e áreas de figuras tridimensionais.	PE	100
CA2.3 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións do mundo real, relacionadas co cálculo de medidas, susceptibles de ser resoltas mediante estratexias de estimación e grao de precisión.		
CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa obxectos tridimensionais con diferentes ferramentas que permitan visualizar as súas propiedades.		
CA3.2 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Recoñece a relación entre unha figura tridimensional e o seu desenvolvemento no plano, empregando ferramentas manipulativas.		
CA3.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece figuras xeométricas tridimensionais do mundo real e clasifícaaas correctamente.		
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa con ferramentas dixitais figuras xeométricas compostas para o estudo das relacións numéricas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medición. - Representación e modelización de obxectos tridimensionais para visualizar as súas propiedades e resolver problemas con eles. - Estimación e relacións. - Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións. - Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica. - Modelización xeométrica para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas na resolución de problemas.

UD	Título da UD	Duración
13	MATEMÁTICAS PARA A VIDA EN SOCIEDADE	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaránse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

-Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecemento, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

-Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizar os contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

-Fomentarse a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

-Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSINO

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

-A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráse ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilízanse a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

-Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

-Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combínanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

-Método titorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

-Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

-Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

-Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

-Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario

propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

-Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO DE TEXTO
MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA ELABORAR ACTIVIDADES DE REFORZO OU AMPLIACIÓN
XOGOS
CORPOS XEOMÉTRICOS
INSTRUMENTOS DE DEBUXO
CALCULADORA CIENTÍFICA
PROGRAMAS INFORMÁTICOS
PIZARRA DIXITAL
AULA DE INFORMÁTICA
CADERNO DO ALUMNO
AULA VIRTUAL

LIBRO DE TEXTO:

"Matemáticas 3º eso" , proxecto CONSTRUYENDO MUNDOS

Editorial: Santillana

ISBN: 978-84-680-4955-7

MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA ELABORAR ACTIVIDADES DE REFORZO OU AMPLIACIÓN:

Para atender á diversidade, no departamento hai cadernillos para elaborar boletíns de exercicios de reforzo ou ampliación segundo as necesidades do alumnado.

XOGOS:

Dominós (operacións combinadas, operacións con fraccións, cambios de unidades....)

Xogos de cartas de números enteiros.

Pistas de álgebra.

CORPOS XEOMÉTRICOS:

Figuras de corpos xeométricos para analizar as súas propiedades.

INSTRUMENTOS DE DEBUXO:

Regra, escuadra ou cartabón, transportador de ángulos, compás.

PROGRAMAS INFORMÁTICOS:

Como apoio ás explicacións ou para realizar determinadas actividades, poderase usar programas como: GeoGebra,

Excel, Canva, PowerPoint....

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso o profesorado que imparta docencia nun grupo realizará unha avaliación inicial coa finalidade de :

- adequar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.
- detectar aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 22/23 así como a súa correspondencia coa falta de desenvolvemento de competencias clave.

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL:

- Proba escrita.
- Cuestionario sobre ferramentas e destrezas TIC do alumnado.
- Informes académicos dispoñibles de cursos anteriores.
- Observación sistemática do alumnado.

PROCEDIMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL:

Durante a primeira semana de clase, repasaránse os contidos de cursos anteriores necesarios para comezar a traballar, e faráselles unha proba escrita para poder comprobar as aprendizaxes adquiridas e non adquiridas no curso anterior.

A continuación, procederase ao desenvolvemento da programación, e conforme se vaian presentando os primeiros novos contidos do curso, mediante preguntas orais e a través da observación, a profesora procederá a identificar e constatar as necesidades e dificultades detectadas.

Se a profesora o considera oportuno poderá realizar unha proba escrita para poder detectar se algún alumno/a presenta:

- dificultades de cálculo.
- dificultades de comprensión e razoamento.
- dificultades de expresión.
- atraso no currículo.
- baixo nivel de desenvolvemento das competencias clave.

MEDIDAS QUE SE PODEN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DA AVALIACIÓN INICIAL:

A avaliación inicial será o punto de referencia para adoptar aquelas medidas de reforzo, apoio e recuperación que se considere oportuno.

Deste modo, a información que se pretende obter a partir da avaliación inicial debe contemplar:

a) A nivel de grupo

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se identifican; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguemento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican en no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e a as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

b) A nivel de alumno:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se adopten, así como sobre os recursos que se van a empregar.
- Analizar o modelo de seguemento que se vai a utilizar con cada un deles.
- Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	7	8	8	7	8	8	6
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	10	100
Proba escrita	100	100	0	90
Táboa de indicadores	0	0	100	10

Criterios de cualificación:

NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL

Como norma xeral, realizarase unha proba escrita ao rematar cada unidade didáctica. A profesora poderá facer máis dunha proba escrita nunha unidade didáctica, ou englobar varias unidades nunha mesma proba escrita se o considera oportuno.

A nota media de cada avaliación obterase da seguinte forma:

- O 90 % da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética das probas escritas realizadas nesa avaliación.

- O 10 % da nota da avaliación obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13: MATEMÁTICAS PARA A VIDA EN SOCIEDADE, que estarán asociados a rúbricas que se cubrirán a partir de:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- A observación diaria na aula

A cualificación que constará no boletín de notas trimestrais será a citada nota media truncada, e dicir sen facer redondeo (por exemplo un alumno ou alumna que obteña de media un 4,7 terá unha nota de 4 no boletín de notas da correspondente avaliación parcial). Xustifícase tal decisión polo carácter informativo que teñen os boletíns de notas das avaliacións parciais e para non sesgar a información que reciben as familias.

NOTA FINAL (AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO)

A cualificación final en xuño será a nota media das tres avaliacións redondeada ao natural máis próximo. Tomarase como nota de cada avaliación a nota exacta (referímonos a nota obtida previa ao truncamento efectuado para o seu rexistro no boletín de notas das avaliacións parciais do alumno).

Para o alumnado que precisou facer unha proba de recuperación de algunha/s das avaliación/s, tomarase como nota para o cálculo da nota final a máis alta obtida entre a proba de recuperación ou a nota da avaliación antes de facer a proba de recuperación.

No caso de que un alumno ou alumna non acuda a realizar unha proba escrita, o profesorado poderá realizarlla outro día ou asignarlle unha cualificación no caso de ter probas obxectivas suficientes.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN DE CADA AVALIACIÓN

O alumnado que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala mediante unha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Estas probas de recuperación realizaranse como norma xeral despois da entrega de boletíns de notas (no caso da 1ª e 2ª avaliación). Para o alumnado que non teña recuperada a 1ª, 2ª ou 3ª avaliación, realizarase unha proba de recuperación das avaliacións non superadas antes do 21 de xuño.

Como norma xeral, será o propio boletín de notas trimestrais o medio para informar ás familias.

Unha nota igual ou superior a 5 puntos na proba escrita de recuperación significará que esa avaliación estará superada.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que teña Matemáticas 3º ESO suspensa, realizarase un programa para a recuperación das aprendizaxes de dita materia.

Dito programa de reforzo será levado a cabo polo profesorado que imparta Matemáticas 3º ESO, e supervisado pola xefa do departamento que contará coa colaboración do profesorado que imparta clases ao alumno/a no curso actual.

Durante o curso o alumnado con materias pendentes recibirá boletíns trimestrais de actividades que deberán ser realizados e entregados nas datas programadas ao profesorado que lle imparta a materia no curso actual.

O alumnado terá que realizar unha proba escrita trimestral na que se propoñerán exercicios e problemas similares aos expostos nos boletíns realizados.

Debido ao carácter progresivo da materia de Matemáticas, no caso de que o alumnado aprobe a avaliación do curso actual aprobará esa avaliación da materia pendente.

O profesorado do Departamento que teñan na súa clase ao alumno ou alumna no curso actual serán os encargados, coordinadas pola xefa do Departamento de:

1. Entregarlle, nas datas que se indican, os enunciados e problemas de cada un dos boletíns.
2. Aclararlle as dúbidas que teñan ao tratar de resolvelos.
3. Colaborar coa xefa do Departamento na elaboración e na corrección das probas escritas.

PLANIFICACIÓN

· 1º trimestre:

-ENTREGA DE ACTIVIDADES: do 18 ao 22 de setembro de 2023 entregaráselle ao alumnado un boletín de actividades sobre:

Números racionais.

Potencias e raíces.

Proporcionalidade e porcentaxes.

-RECEPCIÓN DE ACTIVIDADES: a data límite para entregar as actividades propostas é o 30 de novembro de 2023.

-PROBA ESCRITA : durante o mes de decembro realizarase unha proba escrita sobre os contidos traballados nas actividades. A data será acordada pola xefa do departamento e o alumnado afectado.

· 2º trimestre:

-ENTREGA DE ACTIVIDADES: despois de ter realizada a proba escrita correspondente ao 1º trimestre entregaráselle ao alumnado un boletín de actividades sobre:

Expresións alxébricas.

Ecuacións e sistemas de ecuacións.

Funcións. Función lineal e cuadrática.

-RECEPCIÓN DE ACTIVIDADES: a data límite para entregar as actividades propostas é o 8 de marzo de 2024.

-PROBA ESCRITA: do 11 ao 20 de marzo realizarase unha proba escrita sobre os contidos traballados nas actividades. A data será acordada pola xefa do departamento e o alumnado afectado.

· 3º trimestre:

-ENTREGA DE ACTIVIDADES: despois de ter realizada a proba escrita correspondente ao 2º trimestre entregaráselle ao alumnado un boletín de actividades sobre:

Estatística e probabilidade.

Xeometría.

Sucesións.

-RECEPCIÓN DE ACTIVIDADES: a data límite para entregar as actividades propostas é o 16 de maio de 2024.

-PROBA ESCRITA: a finais de maio realizarase unha proba escrita sobre os contidos traballados nas actividades. A

data será acordada pola xefa do departamento e o alumnado afectado.

SEGUIMIENTO E INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS:

Farase un seguimento trimestral no que se irá recollendo información sobre: os resultados académicos e as dificultades detectadas no curso anterior, se entrega as actividades en prazo e que dificultades se detectaron, os resultados obtidos nas diferentes probas escritas para recuperar as pendentes...

En cada sesión de avaliación parcial adxuntarase un informe para as familias .

PROCEDIMENTO PARA A AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES:

* Nota de cada avaliación parcial:

-Debido ao carácter progresivo da materia de Matemáticas, e tendo en conta a secuenciación de contidos de Matemáticas A e B 4º ESO , a nota da materia pendente Matemáticas 3º ESO en cada avaliación parcial será a nota máxima entre:

- nota obtida na proba escrita realizada (redondearase ao natural máis próximo)
- nota obtida nesa avaliación na materia de Matemáticas A ou Matemáticas B 4º ESO.

*Avaliación final de materias pendentes en xuño:

Calcularase a nota media das tres notas obtidas en cada avaliación parcial.

-Se a nota obtida é igual ou superior a 5, considerarase superada a materia pendente e a cualificación que constará no boletín será o valor desa media (redondeada ao natural máis próximo).

-Se a nota obtida é menor que 5 o alumno/a realizará unha nova proba escrita antes do 21 de xuño. En dita proba escrita entrarán os contidos de toda a materia pendente. Neste caso a nota da avaliación final será a nota máxima entre:

- a nota obtida na citada proba escrita (redondeada ao natural máis próximo).
- a nota obtida na avaliación final da materia Matemáticas A ou Matemáticas B 4º ESO

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns : as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural.

O tratamento da diversidade debe producirse dende o momento da detección dos distintos niveis de coñecementos e actitudes dos alumnos. Para posibilitar o deseño de itinerarios de aprendizaxe diversificado, cada Unidade Didáctica debe incluír actividades de reforzo para os alumnos con maiores dificultades. Nin todos os alumnos deben realizar todas as actividades, nin estas teñen que ser sempre as mesmas para todos.

As medidas de atención á diversidade previstas para este curso académico son:

- Incluirase en cada Unidade Didáctica un gran número de actividades, con niveis de dificultad diferente, que permita unha selección axustada ás necesidades de cada alumno.
- Incluirase en cada Unidade Didáctica actividades de profundización para aqueles alumnos con maiores capacidades ou motivación cando se precise. Os contidos destas actividades non sempre incorporarán conceptos novos, senón un enfoque máis profundo dos coñecementos tratados.
- Proporcionarase material adicional de reforzo naqueles casos que se estimen oportunos.
- Procurarase o emprego de materiais audiovisuais e software como axuda nas explicacións cando se estime oportuno.
- Realizaranse probas escritas de recuperación.
- Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.
- Aplicación dos protocolos propostos polo departamento de orientación para o alumnado que o precise (por exemplo alumnado con TDH)

PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNO REPETIDOR

O noso Departamento establecerá un seguimento continuo do alumno repetidor que consistirá na entrega de exercicios de reforzo do tema que se está tratando en clase, tendo en conta as dificultades que presentaba no curso anterior en relación con eses contidos. O profesor que lle da clases aos alumnos nesta situación, levará un seguimento do seu traballo anotando se entrega ou non os exercicios ben resoltos e o grao de superación das

dificultades respecto ao ano anterior.

Obviamente, todas as profesoras deste departamento estaremos á disposición destes alumnos para a resolución de calquera dúbida ou conflito que poidera xurdir, ben na propia aula, durante a clase, coma cunha cita expresa no recreo ou cando os horarios do profesorado e alumnado o permitan.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O fomento do espírito crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.3 - O fomento do espírito crítico.	X	X	X	X	X
ET.4 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e consumo responsable.	X	X	X	X	X

Observacións:

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita

Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos)

2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital

Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).

3. O fomento do espírito crítico

Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.

4. A educación emocional e en valores

Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

5. A igualdade de xénero

Observación: A igualdade de xénero é tratada de forma xenérica diariamente na aula.

6. Educación para a saúde

Observación: A educación para a saúde serán tratadas mediante actividades que traballen os contidos da unidade didáctica.

7. Educación para a sustentabilidade e consumo responsable

Observación: A educación para a sustentabilidade e consumo responsable serán tratadas mediante actividades que traballen os contidos da unidade didáctica.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
ACTIVIDADES DE DATAS CONMEMORATIVAS	Trátase das actividades complementarias para celebrar as conmemoracións que se citan no Artigo 8 da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 23/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso recollerase en acta do departamento .			
PARTICIPACIÓN EN CONCURSOS	Proposta de participación en concursos que xurdan durante o curso escolar (Canguro Matemático, Estalmat...)			
PARTICIPACIÓN EN PLANS PROXECTA	Actividades relacionadas cos plans Proxecta que se realicen no centro.			
ORGANIZACIÓN DE CONCURSOS NO CENTRO	Organización do Concurso de fotografía matemática (e outros que poideran xurdir)			
PARTICIPACIÓN EN EXCURSIÓNS E SAÍDAS	Actividades complementarias que xurdan durante o curso escolar: excursións e saídas			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Idoneidade das actividades para acadar as aprendizaxes.

Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado.
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva.
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente.
Participación activa de todo o alumnado.
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas.
Facilitación a cada alumno/a da axuda individualizada que precisa.
Atención adecuada á diversidade do alumnado.
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado , persoa titora e familia.
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.
Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 do 15 de setembro no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

Dita avaliación realizarase a finais de curso, mediante unha rúbrica que cubrirá cada docente na que consten os indicadores de logro e a súa valoración e incluírase na memoria do departamento.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de seguimento, revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso.

Analízanse fundamentalmente:

- adecuación da secuenciación e da temporalización
- o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación
- funcionamiento de actividades, recursos e metodoloxía
- a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións parciais e final, así como para a recuperación de materias pendentes.

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

Cunha periodicidade mensual recolleranse nas actas de departamento:

- a unidade didáctica que se está traballando en cada curso (seguimento da temporalización)
- adequación das medidas de atención á diversidade
- adequación da metodoloxía (indicando se se seguiu algunha diferente á establecida na programación)
- valoración das actividades complementarias e extraescolares (de ser o caso)
- propostas de modificación e/ou mellora (de ser o caso)

Cunha periodicidade trimestral realizarase:

- seguimento da PD a través de PROENS.
- secuencia de contidos impartidos no trimestre. Redactaranse nunha acta do departamento e tomaranse como referencia para o deseño das probas de recuperación.
- análise dos resultados obtidos polo alumnado e propostas de mellora en función dos mesmos (recollerase nunha acta de departamento que se convocará nunha data posterior á sesión de avaliación)

AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Cada docente cubrirá unha rúbrica que se recollerá na memoria do departamento.
Tamén se recollerá na memoria as propostas de mellora que se consideren .

9. Outros apartados